



Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural en relación co asunto:

Proxecto:	Parque eólico As Penizas
Documento:	Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural
Localización:	Cerdedo-Cotobade e Forcarei (Pontevedra)
Promotor obra:	Greenalia Wind Power S.L.U.
Remitente:	Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía Emprego e Industria
Data rexistro:	22.04.2020
Expediente:	IA 2957 /2020 (Servizo de Arquitectura)

O 22.04.2020 ten entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia un escrito da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria no que se dá traslado da documentación complementaria ao *Estudo de impacto Ambiental e Proxecto Sectorial de incidencia supramunicipal do Parque Eólico As Penizas* presentada polo promotor, Greenalia Power, S.L.U. ,e ponse a disposición para a súa descarga na web da Xunta da Galicia o documento denominado "*Evaluación de impacto sobre patrimonio cultural, parque eólico As Penizas, ayuntamientos de A Estrada, Cerdedo e Forcarei (Pontevedra)*".

En relación co documento de referencia, fíxose nesta DXPC o seguinte informe:

- Informe da directora xeral do Patrimonio Cultural de data 11.03.2020 sobre o *Estudo de impacto Ambiental e Proxecto Sectorial de incidencia supramunicipal do Parque Eólico As Penizas*, promovido por Greenalia Power, S.L.U. No dito informe establece a necesidade de contar cunha avaliación do impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural, baseada nunha prospección arqueolóxica de todo o ámbito do proxecto.

Lexislación a ter en conta, en relación co patrimonio cultural:

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36 do 22.02.2011)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139 do 18.07.2008)

Segundo di o informe do Servizo de arquitectura nas súas consideracións técnicas:

A memoria técnica da prospección arqueolóxica identifica un só elemento etnográfico na zona de afección das obras e considera que non existe impacto sobre el.

A avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural non debe cingirse soamente á afección directa das obras sobre os elementos. Existen outros aspectos relacionados coa percepción visual dos elementos do patrimonio cultural dentro da paisaxe na que se asentán que tamén se deben analizar.

En concreto, no borde da poligonal do parque eólico atópase un senlleiro ben do patrimonio cultural, trátase da igrexa románica de Santa María de Tomonde cuxa percepción podería verse afectada polo impacto visual que as instalacións producen na paisaxe da contorna.

O dito informe técnico conclúe e propón:

Para poder avaliar axeitadamente a afección da construción do parque eólico das Penizas sobre o patrimonio cultural, de cara á súa conservación e protección, é necesario que a avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural se complete cunha análise visual desde a igrexa de Santa María de Tomonde que inclúa infografías nas que se visualice o elemento en relación co parque eólico.





XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO**

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 877
patrimonio.cultura@xunta.gal



INFORME:

Visto o informe do Servizo de arquitectura, en atención ao exposto nel, informo:

- En relación coa **Igrexa de Santa María de Tomonde**, tendo en conta que a súa percepción e contemplación podería verse afectada negativamente coa implantación da infraestrutura eólica proxectada (feito que non se analiza no documento remitido), co obxecto de poder valorar con precisión o impacto visual, a avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural debe complementarse cunha análise visual desde a igrexa que inclúa infografías nas que se visualice o elemento en relación co parque eólico.

Documento asinado electronicamente
A directora xeral de Patrimonio Cultural
M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxía e Minas. Xefatura Territorial de Pontevedra.

